



PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR COMPLEXO INDUSTRIAL SAN CIBRAO

Identificación e enderezo do establecemento

Aluminio Español, S.A.

Planta de Alúmina-Aluminio San Cibrao, Lieiro s/n, San Cibrao

27890 San Cibrao (Lugo)

As instalacións de Aluminio Español, S.A., situadas no concello de San Cibrao (Lugo), están afectadas polas disposicións do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas. A empresa facilitou á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a notificación recollida no artigo 7 co contido establecido no punto 1 do devandito artigo, así como o informe de seguridade indicado no artigo 10, punto 1, do R.D. 840/2015.

Actividade do establecemento

Fabricación de aluminio.

SUBSTANCIAS SUSCEPTIBLES DE XERAR ACCIDENTES GRAVES

Nome	Frases H	Pictogramas
COSTRAS (Stub Bath)	H312 – Nocivo en contacto coa pel H331 – Tóxico por inhalación H301 – Tóxico por ingestión H314 – Provoca queimaduras H373 - Risco de efectos graves para a saúde en caso de exposición prolongada e nocivo por ingestión	
Baño Electrolítico	H332 - Nocivo en caso de inhalación. H302 – Nocivo en caso de ingestión. H372 - Provoca danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.	

Posibles accidentes graves e os seus efectos

Nas instalacións que a empresa Aluminio Español, S.A. ten no concello de San Cibrao están presentes substancias tóxicas para as persoas e para os organismos acuáticos e prexudiciais para o ambiente. Unha vez estudadas as análises dos riscos realizadas para as instalacións e os resultados dos cálculos para a definición das zonas de planificación, conclúese que ningunha hipótese estudada xera efectos no exterior das instalacións.

Actuación do establecemento en caso de accidentes graves

O industrial está obrigado a tomar as medidas axeitadas na instalación, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, a fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus riscos.

As actuacións de intervención no establecemento e a comunicación ás autoridades competentes están reflectidas no Plan de autoprotección das instalacións.

Plan de emerxencia exterior

A Dirección de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia elaborou o Plan de emerxencia exterior do Complexo Industrial San Cibrao co obxecto de previr e, de ser o caso, mitigar as consecuencias de posibles accidentes graves previamente analizados, clasificados e avaliados, e establecer as medidas de protección máis axeitadas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.


Este plan de emerxencia exterior foi elaborado seguindo o indicado no artigo 13 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

Co obxecto de planificar unha posible emerxencia defínense dúas zonas de actuación: unha zona de intervención, definida como aquela en que as consecuencias dun posible accidente producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección, e unha zona de alerta, definida como aquela en que as consecuencias dun posible accidente provocan efectos que, aínda que perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, agás para os grupos críticos da poboación.

Alerta e información á poboación

Ante unha situación no establecemento que poida dar lugar a accidentes graves, alertarase e informarase a poboación afectada.

Os medios previstos son:

- A megafonía da Garda Civil e das agrupacións de voluntarios de Protección Civil, cando a situación o aconselle.
- Avisos a través dos medios de comunicación social: Radio Galega: 91.1 FM, Radio Nacional: 101.7 FM, @112Galicia , e calquera outro que se considere necesario.

MEDIDAS QUE DEBERÁ ADOPTAR A POBOACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

- Segue con atención as instrucións das autoridades.

Última inspección

Segundo plan anual de inspección.



Pódense obter, logo de solicitude, os datos acerca da última visita *in situ* e do plan de inspección en:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Xefatura Territorial de Lugo
Rolda da Muralla, nº 70
27071 Lugo

Información adicional

Se desexa consultar máis información, pode dirixirse a:

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Xefatura Territorial de Lugo
Rolda da Muralla, nº 70
27071 Lugo